



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 03 DE AGOSTO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:30 horas do día 3 de agosto de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 01-08-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
Dna. María José Caride Estévez.
D. Antonio Villanueva Guimeráns. (asiste ao apartado 5 c))
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao apartado 2 b e 2 c))

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 14.06.2016.**

Apróbase o contido da acta da Mesa de Contratación celebrada o 14.06.2016, cos votos a favor de D. David Regades Fernández, Dna. Susana García Alvarez e Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e a abstención de Dna. María José Caride Estévez, por non ter asistido a dita reunión.

b) **Acta da sesión do 20.07.2016.**

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

c) **Acta da sesión do 29.07.2016**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 1 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

2. Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).

Faise entrega do informe da adxunta ao xefe de Administración Electrónica e o xefe do servizo de Administración Electrónica de 28-07-2016 de valoración da oferta presentada e clasificación de ofertas.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)

Faise entrega do informe do enxeñeiro de Montes e o xefe do servizo de Montes Parques e Xardíns 02-08-2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

3.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).

Acéptase o informe da adxunta ao xefe de Administración Electrónica e o xefe do servizo de Administración Electrónica de 28-07-2016 de valoración da oferta presentada e clasificación de ofertas.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) .

A petición do servizo retirase o informe para a modificación do mesmo.

4.- Proposta de clasificación

a) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113) na seguinte orde decrecente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 2 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

1.- Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA).

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, 1.- Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

5.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de folk e tradicional E-Trad (expediente 17498-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música, folk e tradicional (E-TRAD) ((PCAP).

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 3 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- En data 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música, folk e tradicional (E-TRAD) e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 15 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música, folk e tradicional (E-TRAD) (expediente 17.498-332) no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
1. Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L. (GREDA, S.L.)	93

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado, GREDA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 980,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 20 de xullo de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L., que presenta a documentación requirida en data 1 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 3 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 4 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L., tal e como desprendese dos informes de valoración da oferta técnica e económica, de datas 16 e 30 de xuño de 2016, do Técnico do servizo de Educación.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música, folk e tradicional (E-TRAD) (expediente 17.498-332) por un prezo de 434.660, e coas seguintes prestacións adicionais:

- 1. A impartición de 60 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no punto 3.3.2 do Proxecto Educativo da E-TRAD.***
- 2. A impartición de 10 días de actividade complementaria ofertada a maiores das audicións periódicas do alumnado, de conformidade co indicado no punto 3.3.1 do Proxecto Educativo da E-TRAD.***

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 5 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega” (expediente 17478-332)

Comunicase en primeiro lugar polo Secretario da Mesa que consultado o servizo de Tesourería o licitador non ten débedas de carácter Tributario co concello de Vigo, pero que aínda esta pendente de emitir o correspondente certificado que se asinará esta mañá. A Mesa acorda continuar co tramitación e que se incorpore o certificado ao expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega” (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega”, e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega”. (expediente 17478-332).” no seguinte orde decrecente:

LOTE Nº 1

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	14,55





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

LOTE Nº 2

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
GONZALEZ PICHEL	84,55
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	29

LOTE Nº 3

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
HIROMEGAL	88,24
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	18,83

LOTE Nº 4

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
GONZALEZ PICHEL	82,50
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	50

LOTE Nº 5

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	64

LOTE Nº 6

EMPRESA	Puntos
GARCIVENTA S.L.	100
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	0



Segundo- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCIVENTA , S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: Requirir ao citado licitador o aboamento de 1000 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 13 de xullo de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar nos seis lotes, GARCIVENTAs, S.L., que presenta a documentación requirida en data 22 de xullo de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 28 de xullo de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta agás a garantía definitiva que non cubre o importe total. En consecuencia, requireselle ó licitador que complete a garantía, concedéndoselle ó efecto un prazo de tres días.

Quinto.- En data 29 de xullo de 2016, no prazo conferido ó efecto, GARCIVENTA, presenta a documentación requirida, que é revisada pola Mesa de contratación de data 3 de agosto de 2016, resultando correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARCIVENTA , S.L., tal e como desprendese do informe de valoración da oferta económica, de data 21 de xuño de 2016, da arquitecta técnica municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 8 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.-Dar conta a xunta de Goberno da non admisión, acordada pola mesa de Contratación celebrada o 14-06-2016, da oferta presentada por Silvino Figueiredo e Hijos, S.L. xa que presentou a súa oferta no Rexistro Xeral o día 14 de xuño de 2016 (documento número 160079084), un día despois de finalizar o prazo concedido.

2º.- Adxudicar a GARCIVENTA , S.L., os seis lotes do procedemento aberto para a contratación da subministración de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiaria do programa “Vigo emprega” (expediente 17478-332), que oferta as seguintes porcentaxe de desconto para os prezos unitarios que conforman cada un dos lotes:

- Lote 1: 20%
- Lote 2: 29%
- Lote 3: 25,50%
- Lote 4: 40%
- Lote 5: 30%
- Lote 6: 18%

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (expediente 7692-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 9 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público”, e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 15 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (expediente 7692-113) no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
1. AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL	85

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 944,92 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 21 de xullo de 2016, este acordo foi notificado ó licitador



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 10 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., que presenta a documentación requirida en data 1 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 3 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., tal e como desprendese dos informes de valoración da oferta técnica e económica, de datas 15 e 30 de xuño de 2016, do xefe do servizo de Administración Electrónica.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 11 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (expediente 7692-113) por un prezo de 54.450 (IVE engadido), e coas seguintes prestacións adicionais:

1. **A ampliación do prazo de garantía do programa por dous anos.**
2. **Unha redución do prazo máximo de entrega da aplicación de dous meses.**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música (expediente 17497-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música (expediente 17497-332), de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:

1.- ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega 93 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 12 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro: Requirir ao citado licitador o aboamento de 678,92 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 21 de xullo de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega , que presenta a documentación requirida en data 28 de xullo de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 3 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 13 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega, tal e como desprendese dos informes de valoración da oferta técnica e económica, de datas 25 de maio e 8 de xuño de 2016, do Técnico do servizo de Educación.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega, o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música (expediente 17497-332) por un prezo de 788.880 (IVE engadido), e coas seguintes prestacións adicionais:

1. ***A impartición de 60 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no punto 3.4.2 do Proxecto Educativo da EMMV.***
2. ***A impartición de 10 días de actividade complementaria ofertada a maiores das audicións periódicas do alumnado, de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da 1. EMMVD.***

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

e) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Comunicase en primeiro lugar polo Secretario da Mesa que consultado o servizo de Tesourería os licitadores non teñen de carácter Tributario co concello de Vigo, pero que aínda esta pendente de emitir o correspondente certificado que se asinará esta mañá. A Mesa acorda continuar co tramitación e que se incorporen os certificados ao expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello (PCAP).

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 14 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Primeiro.- En data 23 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto da subministración de vestiario para o persoal do concello (PCAP) e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 13 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: tomar razón dos acordos da Mesa de Contratación, polos que se excluíron as ofertas presentadas por El Corte Inglés, S.A., para o lote 1, 2, e 4, Peycar Pontevedra S.L. para os lotes 2, 3, 4 e 5 e Costa Oeste del Atlántico, S.L., para os lotes 1, 2, e 3 por non cumprir as prendas ofertadas as características esixidas nos pregos e na lexislación vixente.

Segundo: Declarar desertos os lotes 2 e 3 por que as prendas ofertadas non cumpren as características esixidas no prego de prescricións técnicas.

“Terceiro- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).” no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

Lote 1: Peycar Pontevedra, S.L.: 100 puntos.

Lote 2: Costa Oeste del Atlántico S.L.: 96 puntos.

Lote 3: Costa Oeste del Atlántico S.L.: 99 puntos.

Cuarto.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes Peycar Pontevedra, S.L. e Costa Oeste del Atlántico S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit a aboamento de 252,59 a Peycar Pontevedra, S.L. e 505,17 euros a Costa Oeste del Atlántico S.L. en concepto de custe dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 15 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBBD5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

*Este acordo foi correxido por outro de Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **29 de xullo de 2016**, no sentido de correxir o apartado 3, que fixa a orde de clasificación descendente dos licitadores, e onde di lote 2 debería dicir lote 4 e onde di lote 3, debería dicir lote 5.*

Terceiro.- En data 18 de xullo de 2016, este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, Peycar Pontevedra, S.L. presenta a documentación requirida en data 21 de xullo de 2016, e Costa Oeste del Atlántico S.L. o 28 de xullo de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 3 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Adxudicar a Peycar Pontevedra, S.L. o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440) por un prezo de 40.032,20 euros, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º Adxudicar a Costa Oeste del Atlántico, S.L. os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440) por uns prezos respectivos de 23.958,70 euros e 10748 euros, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 16 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

f) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza (expediente 17499-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza(PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. (expediente 17478-332), de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no seguinte orde decrecente:

1.- Wenceslao Cabezas del Toro 89,5 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Wenceslao Cabezas del Toro para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 17 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: Requirit ao citado licitador o aboamento de 689,74 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 21 de xullo de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, Wenceslao Cabezas del Toro, que presenta a documentación requirida en data 2 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 3 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adjudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Wenceslao Cabezas del Toro, tal e como desprendese dos informes de valoración da oferta técnica e económica, de datas 24 de maio e 8 de xuño de 2016, do Técnico do servizo de Educación.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 18 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

do seguinte acordo:

“Adxudicar a D. Wenceslao Cabezas del Toro o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza (expediente 17478-332) por un prezo de 266.632,08 , e coas seguintes prestacións adicionais:

- 1. A impartición de 58 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no punto 3.4.2 do Proxecto Educativo da EMD.**
- 2. A impartición de 10 días de actividade complementaria ofertada a maiores das audicións periódicas do alumnado, de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da EMD.**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

6.- Incidencias.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307). Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

A vista do informe da Técnica de Xestión do servizo de Patrimonio Histórico de 29-07-2016 a Mesa acorda iniciar o procedemento para determinar si a oferta presentada por Grupo Sifu Galicia, S.L, contén valores anormais ou desproporcionados solicitándolle ao licitador a xustificación da oferta presentada.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:05 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén

19



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 19 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA4D-C6DHB4-4HBB5-4GKLQK-DPWNPW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		